

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 10 DE MARZO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dez de marzo de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. Garcia Patiño, réunese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 3 de marzo de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 3 de marzo de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 20 de febreiro de 2020 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento PR460A). (Diario Oficial de Galicia número 43, do 4 de marzo de 2020).

- Resolución do 27 de febreiro de 2020 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, e se procede á súa segunda convocatoria para os anos 2020-2021, cofinanciada co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (código de procedemento PR606A). (Diario Oficial de Galicia número 46, do 9 de marzo de 2020).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 28 de febreiro ao 5 de marzo do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 337/2020 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 383/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
337/2020	28-02-2020	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta Goberno Local 3 de marzo de 20
338/2020	28-02-2020	Conceder a axuda recibo auga por importe de 81,56 euros. Solicitante: MBIP
339/2020	28-02-2020	Estimar parcialmente o recurso de reposición interposto contra a resolución núm. 2606/2019, do 19 de decembro, do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, pola que se declarou a ineficacia da comunicación previa presentada por MIAT para a reparación e impermeabilización do muro lateral e reparación da zona de fiestra na construción auxiliar sita na rúa Pumar Méndez, Cambre
340/2020	28-02-2020	ACF núm. 1/2019 do 6/12/2018 ao 11/03/2019
341/2020	28-02-2020	Corrección de erros solicitude subv SNL
342/2020	28-02-2020	Autorización para Comisión de Servizos ao Concello de Paracuellos de Jarama ao policía local deste Concello don RMF
343/2020	28-02-2020	Aprobación de estruturas móbiles para o Entroido en Cambre 2020
344/2020	02-03-2020	Devolución do aval depositado para a construción da vivenda sita en Sixto, Cambre propiedade de JAOF
345/2020	02-03-2020	Licenza de obra para rehabilitación de vivenda unifamiliar en Ig. O Castro, Bribes propiedade de VQP
346/2020	02-03-2020	Licenza de edificación para a reforma e ampliación da vivenda unifamiliar sita en Gaiteiro, Sigrás propiedade de JLCC
347/2020	02-03-2020	Licenza para construír unha vivenda unifamiliar aillada na rúa Balado, propiedade de RH, S.L.
348/2020	02-03-2020	Expediente sancionador por instalación de terraza sen licenza. Propiedade: ARV
349/2020	02-03-2020	Expediente sancionador a NF pola realización dunha corta na parcela sita en Aldea de Arriba, Cecebre)sen ter depositado o correspondente aval, carecendo de título habilitante municipal e producindo danos nun camiño público
350/2020	02-03-2020	Orde de execución por estado de noiro en finca fronte a Bandebó, Brexo-Lema con caída de terra á camiño público. Propiedade: ISP
351/2020	02-03-2020	Orde de execución por vertido de graxas á rede de saneamento municipal do polígono industrial do Temple. Propiedade: EICdelaCB, S.L.
352/2020	02-03-2020	Orde de execución por vertido de graxas á rede de saneamento municipal do polígono industrial do Temple. Propiedade: XPA, S.L.
353/2020	02-03-2020	Licenza para construción de vivenda unifamiliar en Balado, Cambre propiedade de RMN
354/2020	01-03-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
355/2020	02-03-2020	Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en nave industrial sita na Xira, Sigrás sen axustarse á comunicación previa presentada.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Propiedade: A.J.S
356/2020	02-03-2020	Nomeamento auxiliar administrativo por acumulación de tarefas
357/2020	02-03-2020	Aprobación da solicitude de subvención ao abeiro da Resolución do 19 de decembro de 2019 da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e de procede á súa convocatoria no ano 2020
358/2020	03-03-2020	Conceder o permiso para a ocupación de 6 m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2019. Solicitante: APS
359/2020	03-03-2020	Conceder o permiso para a ocupación de 23 m ² da vía pública cunha terraza durante o mes de xaneiro. Solicitante: SCL
360/2020	03-03-2020	Conceder o permiso para a ocupación de 16 m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2020. Solicitante: RFC
361/2020	03-03-2020	Conceder o permiso para a ocupación de 33 m ² de vía pública durante o ano 2020 coa instalación dunha terraza. Solicitante: RPFAL
362/2020	03-03-2020	Conceder a licenza municipal para a colocación de dous faldróns laterais nos toldos existentes. Solicitante: RPFAL
363/2020	03-03-2020	Conceder o permiso para a ocupación de 13 m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2020. Solicitante: SIS
364/2020	03-03-2020	Conceder o permiso para a ocupación de 44 m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2020. Solicitante: VC
365/2020	03-03-2020	Conceder o permiso para a ocupación de 17 m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2020. Solicitante: ARV
366/2020	03-03-2020	Conceder o permiso para a ocupación de 114 m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2020. Solicitante: AA, S.C.
367/2020	03-03-2020	Conceder o permiso para a ocupación de 20 m ² da vía pública durante o ano 2020. Solicitante: DS, S.L.
368/2020	03-03-2020	Conceder o permiso para a ocupación de 8 m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2020. Solicitante: MAC
369/2020	03-03-2020	Conceder o permiso para a ocupación de 36 m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2020. Solicitante: CLC
370/2020	03-03-2020	Conceder o permiso para a ocupación de 13 m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2020. Solicitante: C, S.L.
371/2020	03-03-2020	Conceder o permiso para a ocupación de 10 m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2020. Solicitante: FS, S.L.
372/2020	03-03-2020	Conceder o permiso para a ocupación de 7 m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2020. Solicitante: VM ^a GP
373/2020	03-03-2020	Conceder o permiso para a ocupación de 5 m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2020. Solicitante: SDV
374/2020	03-03-2020	Conceder o permiso para a ocupación de 20 m ² da vía pública cunha terraza durante o mes de febreiro de 2020. Solicitante: MRRC
375/2020	03-03-2020	Conceder o permiso para a ocupación de 24 m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2020. Solicitante: RPFAL
376/2020	03-03-2020	Conceder a licenza para a ocupación de 65 m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2020. Solicitante: MI, S.L
377/2020	04-03-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 9 de marzo de 2020
378/2020	04-03-2020	CM. Servizos. Contratación dun médico especialista en valoración do dano

		personal no expediente de responsabilidade patrimonial 2018/P001/000015 incoado a instancia de dona CPS, funcionaria deste Concello, a consecuencia do accidente laboral sufrido con data de 20 de maio de 2016
379/2020	04-03-2020	Convocatoria e bases de concurso-oposición para a selección dun axente de Protección Civil interino e elaboración de listaxe para nomeamentos interinos
380/2020	05-03-2020	Outras Contratacións: Nomeamento docente impartición módulos transversais en cursos Soldadura Plan AFD 2019/20: - Inserción laboral (10horas)+Igualdade (8 horas)
381/2020	05-03-2020	Solicitud subvención mellora camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021 mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias nos Picardos, Anceis
382/2020	05-03-2020	Revisión de licenzas en diversos establecementos hostaleiros sitios en Cambre, así coma comprobación de rúidos: M, 7+7 e R
383/2020	05-03-2020	Aprobación do gasto e da actividade do acto en conmemoración do día da muller 2020

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia